



XUNTA
DE GALICIA

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

Plan de acción software libre 2015

Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

galicia



Plan de Acción Software Libre Año 2015

Oficina de Coordinación de Software Libre

XUNTA DE GALICIA

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Santiago de Compostela

2015

Elaborado por: **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)**

© Xunta de Galicia.

Esta obra está baixo unha licenza

Creative Commons Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional



Para ver unha copia da licenza, visite:

<https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Este informe está dispoñible no portal da AMTEGA:

<http://amtega.xunta.es>

Índice

<i>CAPÍTULO 1.- INTRODUCCIÓN.....</i>	<i>10</i>
<i>CAPÍTULO 2.- SOFTWARE LIBRE NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.....</i>	<i>14</i>
1.- <i>PLAN DE MIGRACIÓN DE POSTO DE TRABALLO A SOFTWARE LIBRE.....</i>	<i>14</i>
2.- <i>FORMACIÓN AO EMPREGADO PÚBLICO.....</i>	<i>15</i>
<i>Formación en Software Libre a través da EGAP.....</i>	<i>15</i>
<i>Formación destinada ao profesorado de aulas Abalar.....</i>	<i>16</i>
<i>Formación en materia de liberación e reutilización.....</i>	<i>16</i>
3.- <i>FOMENTO DA REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN, SOFTWARE E CONTIDOS DO SECTOR PÚBLICO.....</i>	<i>17</i>
<i>Liberación de proxectos da Xunta de Galicia no Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia.....</i>	<i>17</i>
<i>Servizo de apoio técnico á liberación de software na administración pública.....</i>	<i>17</i>
<i>Servizo de publicación de materiais formativos con licenza libre no Repositorio Documental de Software Libre.....</i>	<i>18</i>
<i>Mellora da interoperabilidade con Estándares Abertos na Administración.....</i>	<i>18</i>
4.- <i>FOMENTO DO USO DE SOFTWARE LIBRE NA XUNTA DE GALICIA.....</i>	<i>19</i>
<i>Servizo de asesoramento sobre ferramentas libres para as necesidades TIC da Xunta de Galicia.....</i>	<i>19</i>
<i>Promoción das vantaxes do Software Libre e a reutilización en colaboración con outras Administracións.....</i>	<i>19</i>
5.- <i>IMPLANTACIÓN DE SOFTWARE LIBRE NA XUNTA DE GALICIA.....</i>	<i>20</i>
<i>Proxectos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.....</i>	<i>21</i>
<i>Proxectos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.....</i>	<i>22</i>
<i>Proxectos da Consellería de Medio Rural e do Mar.....</i>	<i>23</i>
<i>Proxectos da Consellería de Traballo e Benestar.....</i>	<i>24</i>
<i>Proxectos da Consellería de Facenda.....</i>	<i>25</i>
<i>Proxectos da Consellería de Economía e Industria.....</i>	<i>25</i>
<i>Proxectos da Consellería de Sanidade.....</i>	<i>25</i>
<i>CAPÍTULO 3.- SOFTWARE LIBRE NO ÁMBITO EMPRESARIAL.....</i>	<i>28</i>
1.- <i>FOMENTO DA PRESENCIA DO SOFTWARE LIBRE NAS ACTIVIDADES DO CENTRO DEMOSTRADOR TIC.....</i>	<i>28</i>
<i>Xornada “Cara modelos de negocio baseados en solucións TIC de Software Libre</i>	<i>28</i>
2.- <i>SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPRESAS TIC GALEGAS PARA A LIBERACIÓN DE SOFTWARE.....</i>	<i>29</i>
3.- <i>CENTRO DEMOSTRADOR TIC VIRTUAL DE SOLUCIÓNS LIBRES.....</i>	<i>29</i>
4.- <i>DIFUSIÓN TECNOLÓXICA EN SOFTWARE LIBRE PARA PEMES.....</i>	<i>30</i>
5.- <i>FORMACIÓN A PROFESIONAIS TIC EN MATERIA DE SOFTWARE LIBRE.....</i>	<i>30</i>
<i>Fomento de actividades de Formación en Software Libre no CDTIC.....</i>	<i>30</i>
<i>Formación en materia de Software Libre a través do CNTG.....</i>	<i>31</i>
6.- <i>ESTUDO DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE EN GALICIA.....</i>	<i>31</i>
<i>CAPÍTULO 4.- SOFTWARE LIBRE PARA A CIDADANÍA.....</i>	<i>34</i>
1.- <i>DIFUSIÓN E POTENCIACIÓN DOS SERVIZOS DO PORTAL MANCOMÚN.....</i>	<i>34</i>
<i>Promoción do Repositorio Documental de Software Libre.....</i>	<i>34</i>

<i>Promoción do Repositorio de Software Libre de Galicia.....</i>	<i>35</i>
<i>2.- FOMENTO DAS TIC E DO SOFTWARE LIBRE NO SISTEMA EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO.....</i>	<i>35</i>
<i>3.- FORMACIÓN E DIFUSIÓN EN SOFTWARE LIBRE NO ÁMBITO UNIVERSITARIO.....</i>	<i>35</i>
<i> Premio ao mellor Tralallo de Fin de Grao con Licenza Libre.....</i>	<i>36</i>
<i> Formación en Software Libre ao persoal de soporte informático das universidades</i>	<i>36</i>
<i> Formación e difusión do Software Libre.....</i>	<i>36</i>
<i>4.- SOFTWARE LIBRE NO PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL DE GALICIA.....</i>	<i>37</i>
<i>5.- ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E FORMACIÓN EN SOFTWARE LIBRE PARA A CIDADANÍA.....</i>	<i>38</i>
<i>6.- APOIO Á TRADUCIÓN DE SOFTWARE LIBRE AO GALEGO.....</i>	<i>39</i>
<i>7.- DIFUSIÓN E FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE PARA O TERCEIRO SECTOR.....</i>	<i>40</i>
<i>8.- PARTICIPACIÓN EN EVENTOS NACIONAIS OU INTERNACIONAIS DE SOFTWARE LIBRE.....</i>	<i>41</i>
CAPÍTULO 5.- ACCIÓNS EN COLABORACIÓN CON AXENTES	
SOFTWARE LIBRE.....	44
<i>1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN CON AGASOL.....</i>	<i>44</i>
<i>2.- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑEIROS EN INFORMÁTICA DE GALICIA (CPEIG).....</i>	<i>45</i>
<i>3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE GALICIA (CPETIG).....</i>	<i>45</i>
<i>4.- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO DE PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE XESTIÓN UNIVERSITARIA DE GALICIA (CIXUG).....</i>	<i>46</i>
<i>5.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS AGUSL.....</i>	<i>46</i>
CAPÍTULO 6.- TÁBOA DE RESUMO ECONÓMICO.....	50

Introducción

Plan de acción software libre 2015

Axencia para a Modernización Tecnolóxica
de Galicia (Amtega)

CAPÍTULO 1.- INTRODUCCIÓN

A Axenda Dixital de Galicia 2020 (ADG 2020), aprobada no Consello da Xunta o 30 de abril de 2015, incorpora, no seu modelo operativo, o software libre de xeito transversal, como unha excelente ferramenta para a consecución dos obxectivos definidos na ADG 2020 articulados en cinco liñas de actuación: a valorización da Administración, a énfase na vida dixital, a aceleración da economía dixital, o estímulo ao crecemento do sector TIC, e a articulación dixital do territorio.

Neste contexto da nova axenda dixital galega, a Xunta de Galicia manterá en 2015 a estratexia iniciada en 2010 de promoción e fomento do uso do Software Libre. Así, como non podía ser doutro xeito, continuarase a promover o software libre de forma transversal nas distintas actuacións que se impulsarán dende a AMTEGA, de forma que o software libre non sexa un obxectivo per se, senón unha ferramenta máis para contribuír á mellora da eficacia e eficiencia das medidas encamiñadas a resolver os retos e desafíos recollidos na ADG 2020 nas diferentes áreas de actuación.

A promoción e fomento do Software Libre continuará pois a ser un instrumento para mellorar a eficiencia acadada na administración nos últimos anos e continuará a servir para achegar as vantaxes do uso das TIC ao conxunto da sociedade a través das actuacións desenvolvidas no Centro Demostrador TIC, a Rede CeMIT e do proxecto Abalar no ámbito educativo, segundo se detallan nos correspondentes apartados específicos deste plan.

O Plan de Acción Anual en Materia de Software Libre desenvolverá as súas actuacións na procura dos seguintes obxectivos:

- Continuar coa mellora da administración **impulsando a implantación de solucións de Software Libre** de calidade.
- Incrementar a **reutilización de Software no ámbito da administración pública** e facilitar a reutilización como Software Libre de desenvolvementos realizados pola Xunta de Galicia por parte doutras administracións.
- Impulsar a implantación na Xunta de Galicia do **uso de estándares abertos**.
- Incorporar novas actuacións en materia de formación e difusión ás xa existentes que permitan incrementar a **difusión das vantaxes competitivas do Software Libre**.

No ámbito de actuación da propia administración pública, a Xunta de Galicia seguirá a **ser referencia na implantación de solucións de software libre**. En 2015 comezará o despregue no posto informático dos empregados públicos dun novo entorno de traballo que empregue exclusivamente como paquete

ofimático LibreOffice. Este ambicioso plan de migración contempla que 80% dos equipos informáticos da administración xeral da Xunta de Galicia empreguen unicamente ofimática con licenciamento libre. Esta migración suporá que o **LibreOffice considerarase a ferramenta ofimática corporativa da Xunta de Galicia.**

En 2015 continuarase o **desenvolvemento de solucións libres na infraestrutura tecnolóxica da Xunta de Galicia** segundo as recomendacións elaboradas en 2014 mantendo unha aposta decidida polo software libre que conta cun soporte técnico a nivel empresarial. Grazas á implantación destas solucións pode conseguirse **aforro e mellora de produtividade.**

Ademais, en 2015 continuarase coa prestación de servizos implantados nos últimos anos en materia de asesoramento na implantación de Software Libre, formación en tecnoloxías libres aos empregados públicos e a promoción do uso de estándares abertos en todos os novos desenvolvementos.

No ámbito empresarial, o **Centro Demostrador TIC** continuará a ser o elemento vertebrador das actuacións de fomento das TIC en xeral e do Software Libre en particular dirixidas ao empresariado. Como novidade neste ámbito, este ano complementarase o Centro Demostrador TIC Virtual coa elaboración de material formativo multimedia que contribúa a facilitar o uso e proba das solucións dispoñibles no mesmo. Por suposto, en consonancia coas demandas do sector empresarial, continuarase coa oferta de demostracións e formación en Software Libre, así como asesoramento particularizado ás pemes en canto a solucións libres adaptadas ás súas necesidades.

Finalmente, no ámbito da alfabetización e capacitación avanzada da cidadanía o **Plan de Inclusión Dixital de Galicia** constituirase como o principal instrumento que posibilite camiñar cara unha sociedade galega plenamente dixital e integrada na Sociedade da Información. Este plan integra servizos, proxectos e iniciativas que se viñan desenvolvendo en anos anteriores no ámbito da inclusión dixital xunto con novas actuacións, agrupados en tres grandes eixos orientados a cubrir as distintas etapas da madurez dixital, así como un eixo transversal para dar soporte e apoio estrutural ao plan. Esta plan manterá a preferencia polo software libre no desenvolvemento das distintas actividades, como xa viña facéndose en anos anteriores nas actuacións da Rede CeMIT ou no programa de Voluntariado Dixital.

A Amtega agarda un ano máis as actuacións que conforman este plan de acción, e que a continuación se detallan, contribúan a acadar unha administración dixital eficiente, un sector empresarial máis competitivo e unha sociedade dixitalmente hábil.

Software Libre na Administración Pública

Plan de acción software libre 2015

Axencia para a Modernización Tecnolóxica
de Galicia (Amtega)

CAPÍTULO 2.- SOFTWARE LIBRE NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A execución do Plan de migración do posto de traballo do empregado público cara o uso de ferramentas ofimáticas libres suporá que en 2015 desenvolverase un importante fito da estratexia de uso de Software Libre na Xunta de Galicia. **2015 será o ano da migración a LibreOffice na informática corporativa** da Administración Pública galega unha vez demostrada a súa eficacia tanto no ámbito do proxecto Abalar como nos despregues na Rede CeMIT.

Mantendo a súa estratexia descrita na ADG 2020, a Amtega manterá un ano máis a súa aposta pola implantación de solucións e ferramentas baseadas en Software Libre dentro dos sistemas e aplicacións dos distintos departamentos da administración autonómica galega, naqueles proxectos nos que o Software Libre resulta unha solución eficiente e economicamente máis sustentable, contribuíndo así non só á **modernización e mellora dos sistemas** e servizos públicos da administración senón tamén a garantir os principios de **eficiencia, eficacia, calidade e sustentabilidade**.

A continuación preséntanse as distintas actuacións que se desenvolverán ao longo do ano 2015 para contribuír á consecución de ditos obxectivos.

1.- Plan de migración de posto de traballo a software libre

O ano 2015 será o ano da execución do plan de migración ao software libre no posto de traballo o cal establece que **o paquete ofimático corporativo da administración autonómica de Galicia é o paquete LibreOffice**, na súa versión que se determine como estable.

O plan de migración de ofimática contempla chegar en 2016 a **eliminación total do paquete de software ofimático privativo no 80% dos postos de traballos** a través dun plan de transición coordinado cos diferentes departamentos das Consellerías implicadas.

Esta actuación alíñase coa estratexia da Xunta de Galicia de evolución cara o software libre na administración pública. A determinación da execución deste plan de migración e posible grazas á análise de viabilidade recollida no plan de migración ao software libre no posto de traballo. O longo de 2015 abordarase a posta en marcha do plan de migración en, cando menos, 1.000 postos de traballo no seu piloto. Neste plan de migración **a Amtega contará coa colaboración de AGASOL** realizando tarefas de apoio e soporte achegando así a súa experiencia de máis de 10 anos en procesos de migración en todo tipo de organismos, institucións, empresas, colexios, cooperativas, etc.

No momento de publicación deste Plan xa se ten acometido a **configuración de LibreOffice como ferramenta ofimática por defecto** para a apertura de documentos de texto, folla de cálculo e presentacións multimedia no equipamento que participa no piloto, paso previo a desactivación do paquete

ofimático privativo instalado actualmente.

A migración executarase dentro do Plan de dotación e xestión sostible de medios do Posto de Traballo para a prestación dos servizos públicos dixitais a cidadáns e empresas.

A transición cara ao posto de traballo no contexto de Software Libre permitirá obter vantaxes de aforro que permiten a política de **redución de gastos en licenzas** con relación aos sistemas privativos. Da mesma forma fomentárase o **uso de estándares** no intercambio electrónico de documentos dentro da administración pública.

Así mesmo propónse como **ámbito de actuación toda a Administración Pública Autonómica**, tendo en conta antecedentes de éxito como o Proxecto Abalar con máis de 50.000 ordenadores con ou a Rede CeMIT con 98 aulas e máis de 1.600 equipos.

O proceso de migración xa ten en conta a **formación dos empregados públicos a través da EGAP**, a dispoñibilidade de manuais e preguntas frecuentes, así como o soporte especializado no período de transición que apoie as incidencias derivadas do uso do paquete ofimático LibreOffice.

2.- Formación ao empregado público

A Xunta de Galicia continuará a desenvolver actividades formativas precisas para a adopción de Software Libre no ámbito da Administración pública co obxectivo de incrementar o coñecemento e capacitación dos empregados públicos en materia de software libre e cultura libre.

A Oficina de Coordinación de Software Libre colaborará tamén cos departamentos responsables da formación dos empregados públicos organizando xornadas divulgativas sobre liberación e reutilización de software e contidos.

Esta formación, complementará a formación sobre o uso de ferramentas libres xa incorporadas dentro dos diferentes plans formativos: Plan ofimático de Galicia, dependente da EGAP, Plan anual de formación do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facendo uso das instalacións do CDTIC e da rede CeMIT.

Formación en Software Libre a través da EGAP

O Plan de Formación en Tecnoloxías da Información e Comunicacions para persoal da Xunta de Galicia contempla a programación de accións formativas para que o persoal da administración pública adquira competencias dixitais en ofimática, que poidan incorporar ao seu traballo diario redundando nunha mellora da eficiencia e na calidade do mesmo, na liña do establecido no **Plan Formativo Ofimático de Galicia**.

Neste ámbito prevese a celebración de ata un máximo de 2.120 horas de

formación repartidas en 56 accións formativas, destacando a progresiva e maioritaria orientación desta formación cara a ferramentas baseadas en software libre, vinculado ao plan de migración de software libre. Así a formación ofimática en software libre ofertada neste ano no uso da suite **LibreOffice** e no sistema operativo **GNU/Linux**, supón o 58,5% do total.

No ámbito das tecnoloxías libres fóra das solucións ofimáticas, impartirase tamén un curso de **Cálculos estatísticos básicos co software libre R**. R é un software multiplataforma, orixinalmente deseñado para a análise estatística e a realización de gráficos. Actualmente considérase a lingua franca do analista de datos e estase a utilizar en numerosos campos relacionados, dun ou doutro xeito, coa estatística (xenómica, biomedicina, econometría, big data, bioloxía, ...)

[Formación destinada ao profesorado de aulas Abalar](#)

O plan anual de formación do profesorado correspondente ao curso educativo 2014/2015 inclúe unha vez máis formación específica na aplicación pedagóxica e integración das TIC nas aulas do proxecto Abalar. Así desenvolveranse novas actividades formativas sobre o uso de Software Libre incluído no equipamento Abalar así como sobre ferramentas educativas web 2.0.

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), en colaboración coa Amtega, desenvolverá actividades formativas dirixidas aos docentes a fin de que adquiran as competencias dixitais precisas para a integración das TIC nas aulas. Esta formación, dentro da estratexia tecnolóxica do ámbito educativo marcada no Proxecto Abalar, incidirá na formación en ferramentas de software libre e celebraranse preferentemente nas aulas da Rede CeMIT.

Así mesmo os materiais elaborados nos proxectos de formación de centros e dos grupos de traballo continuarán publicándose con licenza libre Creative Commons recoñecemento – compartir igual; CC-by-sa.

[Formación en materia de liberación e reutilización](#)

A Oficina de Coordinación de Software Libre, dará continuidade á liña de traballo iniciada en anos anteriores, organizando xornadas formativas e divulgativas sobre liberación e reutilización de software así como a liberación e reutilización de contidos, en colaboración cos diferentes departamentos responsables de formación aos empregados públicos.

Así mesmo, elaboraranse tamén novos materiais formativos en formato de teleformación sobre licenciamento e reutilización que se publicarán no ámbito do servizo de publicación de materiais formativos con licenza libre.

3.- Fomento da reutilización da información, software e contidos do sector público

Durante o ano 2015, desenvolveranse diversas actuacións para o fomento da transparencia e participación cidadá nas actuacións de goberno entre as que destacamos a promoción da reutilización de información do sector público e **OpenData**. Así neste ano está previsto continuar incorporando novos conxuntos de datos ao **portal Abert@s**, así como elaborar un protocolo de incorporación de novos conxuntos de datos.

Ademais, continuarase fomentando a publicación con licenza libre tanto do software como das obras documentais desenvolvidas por ou para a administración pública.

Así mesmo estableceranse canles de comunicación entre as empresas e cidadanía e a administración pública que favorezan a reutilización.

[Liberación de proxectos da Xunta de Galicia no Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia](#)

Durante o ano 2015 continuarase coa labor de publicación e liberación de Software desenvolvido por parte da Xunta de Galicia baixo licenzas libres. Desta forma a Xunta de Galicia pon en valor para toda a cidadanía, así como para outras administracións públicas ou empresas, novas solucións libremente reutilizables seguindo as recomendacións recollidas no Esquema Nacional de Interoperabilidade nesta materia.

Así, ao longo deste ano levaranse a cabo os traballos necesarios para publicar con licenza libre dous novos proxectos desenvolvidos pola Xunta de Galicia.

Ademais, difundiranse no Centro de Transferencia Tecnolóxica (CTT), do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, os proxectos liberados pola Xunta de Galicia. Así incrementarase o coñecemento dos mesmos por parte doutras administracións públicas e polo tanto a súa posible reutilización.

Finalmente durante o ano 2015 acometerase a actualización da versión de FusionForge do repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia coñecido como A Forxa de mancomún.

[Servizo de apoio técnico á liberación de software na administración pública](#)

A Oficina de Coordinación de Software Libre continuará ofrecendo un servizo de asesoramento e apoio técnico na liberación de software aos distintos departamentos da Xunta de Galicia.

Os responsables de proxectos TIC contarán co apoio desta oficina para realizar unha análise do código dos desenvolvementos co obxectivo de verificar que estean libres de fragmentos e dependencias con software non libre, e polo tanto certificarase a súa liberabilidade así como as condicións en que se pode

proceder á súa liberación e publicación.

Como resultado desta análise, a oficina poderá emitir un Informe técnico-xurídico de liberación do software, a partir do que apoiará ao departamento promotor do proxecto no resto de pasos do **procedemento estandarizado de liberación de software propiedade da Xunta de Galicia**.

Por outra parte a Oficina de Coordinación de Software Libre continuará prestando o servizo de asesoramento aos responsables de proxectos TIC sobre as vantaxes do uso do Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia como repositorio de traballo dende fases temperás dos novos desenvolvementos, de forma que facilite a súa liberación unha vez rematado o proxecto e posto en produción.

[Servizo de publicación de materiais formativos con licenza libre no Repositorio Documental de Software Libre](#)

En 2015, dando continuidade ao traballo desenvolvido nos últimos anos en recompilación de material sobre software libre no **Repositorio Documental de Software Libre** do portal mancomún, ampliárase este repositorio con novo material con licenza libre e en formatos abertos.

A través deste servizo publicaranse con licenza libre e en formatos abertos as obras documentais formativas elaboradas no ámbito da administración pública galega, seguindo as recomendacións definidas na **Guía de boas prácticas para a liberación de publicacións da Xunta de Galicia**.

Ademais habilitaranse canles de comunicación adecuadas para que a cidadanía achegue recomendacións de material formativo de interese para a súa publicación con licenzas libres.

[Mellora da interoperabilidade con Estándares Abertos na Administración](#)

A Xunta de Galicia ten desenvolvido diferentes iniciativas en relación ao uso de formatos abertos nos intercambios de documentos por medios electrónicos en base ao Decreto 201/2011 polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet.

Nesa liña a “**Guía de uso de formatos de ficheiros asociados aos contidos web da Xunta de Galicia**” detalla os diferentes formatos abertos que deben de ser empregados nas Webs dependentes da administración autonómica.

Co obxectivo de avanzar no ámbito da interoperabilidade abrírase unha canle con empresas e cidadanía para avanzar na interoperabilidade cos sistemas informáticos da administración pública. Esta canle permitirá achegar os problemas de interoperabilidade que atope a cidadanía á hora de comunicarse coa administración e axudar a identificar posibles melloras no soporte de estándares na propia administración.

Así durante o 2015 habilitaranse os medios para que a cidadanía e empresas

teñan a posibilidade de informar das necesidades de interoperabilidade e os problemas que teñen para interactuar coa Xunta de Galicia a través de Internet.

A través deste servizo achegarase tamén información aos usuarios da administración electrónica sobre ferramentas de Software Libre que soportan estándares abertos para comunicarse coa administración pública.

4.- Fomento do uso de Software Libre na Xunta de Galicia

[Servizo de asesoramento sobre ferramentas libres para as necesidades TIC da Xunta de Galicia](#)

A Oficina de Coordinación de Software Libre continuará ofrecendo aos diferentes departamentos da Xunta de Galicia un servizo de asesoramento para a identificación de solucións libres que cubran as súas necesidades TIC facilitando así o cumprimento da normativa en materia de reutilización segundo Esquema Nacional de Interoperabilidade.

A oficina de software libre porá á disposición dos responsables TIC os recursos necesarios para a elaboración de informes ou análises de alternativas en software libre para cubrir unha necesidade concreta; informes sobre a madurez dunha solución libre preidentificada; análises de cláusulas de licenciamiento ou propiedade intelectual a incluír nas contratacións TIC; etc.

En 2015 ademais de continuar ofrecendo os anteriores servizos, que xa se viñan ofertando en anos anteriores, realizarase un esforzo especial para facer pública a información sobre as diferentes avaliacións de solucións reutilizables no Repositorio Documental de Software Libre do wiki do portal mancomún. Así mesmo elaborárase unha “guía de recomendacións para a reutilización de Software no desenvolvemento de proxectos” que recolla as recomendacións e pasos a seguir no proceso de identificación de solucións reutilizables para incrementar os proxectos de AMTEGA que utilizan estas solucións.

[Promoción das vantaxes do Software Libre e a reutilización en colaboración con outras Administracións.](#)

A Xunta de Galicia manterá a súa presenza en diferentes foros nacionais e internacionais de Software Libre trasladando os casos de éxito e experiencias na implantación de tecnoloxías libres.

Manterase o traballo en rede con outras administracións desenvolvido nos últimos anos dando a coñecer as experiencias e casos de éxito desenvolvidos en Galicia incrementando o número de solucións libres xa publicadas pola Xunta de Galicia dispoñibles no Centro de Transferencia Tecnolóxica (CTT) ou o Portal JoinUp da Comisión Europea.

Difundiranse os novos casos de éxito que teñan lugar en 2015, así como as

novidades dos proxectos que xa se están a desenvolver. O portal mancomun.org seguirá a ser a referencia en materia de información sobre o sector do Software Libre en Galicia.

A Amtega continuará a elaborar o seu boletín interno en materia de reutilización destinado aos responsables TIC da Xunta de Galicia. Estes boletíns recollen as iniciativas, casos de éxito, experiencias de uso de ferramentas libres que se identifican noutras administracións públicas de interese e aplicabilidade dentro da Xunta de Galicia. Desta forma, promóvese que se no futuro xorde a mesma necesidade nalgún departamento da Xunta de Galicia, exista xa un coñecemento previo dunha posible solución libre reutilizable que poidan avaliar co conseguinte aforro no investimento.

En 2015 incrementarase a difusión destes boletíns mensuais facendo os mesmos dispoñibles para a cidadanía.

5.- Implantación de Software Libre na Xunta de Galicia

A continuación refírense as actuacións en materia de implantación ou mantemento de servizos baseados en Software Libre así como na adopción de ferramentas de Software Libre tanto de carácter transversal a toda a Xunta de Galicia, a través da AMTEGA, como particulares de cada unha das Consellerías.

Por outra parte, continuarase fomentando o uso do software libre no despregue de novos servizos para a modernización dos sistemas da administración pública.

Así podemos destacar o uso de software libre no **Arquivo Electrónico Administrativo, ARPAD**, cuxo modelo de referencia foi deseñado no ano 2014. Este sistema está conformado polo Arquivo Electrónico Administrativo, que se implementa empregando a solución de xestión documental Alfresco e o Arquivo Electrónico Patrimonial, que fai uso dun Repositorio de preservación conforme ao estándar OAIS (Open Archival Information System).

Outros sistemas de información desenvolvidos no eido da administración electrónica tamén empregan tecnoloxías libres para o seu desenvolvemento como o **sistema de rexistro único da Xunta da Galicia** (AIRES) que emprega Alfresco para a xestión da documentación e en breve integrarase con ARPAD, ou o **nodo de interoperabilidade das administracións públicas galegas** (PasaXe) desenvolvido en Java e emprega o bus de servizos MuleESB. Ademais, no caso destes dous proxectos, está previsto analizar durante o 2015 a viabilidade da súa publicación con licenza libre no Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia unha vez estean rematada a súa implantación e posta en produción.

En 2014, púxose en marcha a infraestrutura dun novo **sistema de tramitación corporativa**, plenamente integrado coas infraestruturas de administración electrónica. En 2015 consolidarase coa integración paulatina de tramitación de novos procedementos. Aplicando as políticas de aposta pola racionalización de

custos, reutilización de sistemas e impulso do software libre, este sistema de tramitación electrónica está baseado na plataforma de tramitación electrónica (Wand@) desenvolvido orixinalmente pola Junta de Andalucía.

Durante o 2015 actuarase tamén na mellora continuada e impulso de iniciativas xa en marcha como é o caso do **sistema de notificacións electrónicas**, que permite enviar as notificacións á cidadanía e empresas dentro do procedemento administrativo, coas mesmas garantías que a notificación tradicional. Este baséase no sistema de notificacións electrónicas (Notific@) desenvolvido tamén orixinalmente pola Junta de Andalucía.

Durante o 2015 ademais desenvolverase unha arquitectura corporativa de cadros de mando para a análise e apoio á toma de decisións que permitan aproveitar toda a información que da soporte á actividade institucional e administrativa da relación coa cidadanía. No desenvolvemento deste sistema empregaranse ferramentas libres como **JasperReports** para a elaboración de informes e **Pentaho/Birt** como solución de Business Intelligence.

En 2015 realizaranse **traballos de actualización de XEA**, a ferramenta de xestión de reservas e planificación de actividades, publicada con licenza libre no Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia no ano 2014. Estes traballos centraranse na adaptación das funcionalidades ás necesidades do Plan de Inclusión Dixital. Estas actualizacións irán facéndose públicas no proxecto do Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia segundo vaian poñéndose en produción na Amtega.

No 2015 continuarase co proceso de actualización, modernización e integración dos centros de procesos de datos no CPDi que conta con servidores con sistema operativo **GNU/Linux** e unha infraestrutura de virtualización baseada en **Red Hat Enterprise Virtualization/ovirt**.

Na área de infraestruturas e sistemas durante o 2015 realizaranse melloras na plataforma de monitorización baseada en **Nagios**, coa incorporación de ferramentas check mk e nagvis; realizarase un piloto para a automatización de tarefas de administración de sistemas coa ferramenta **Ansible** e implantarase unha plataforma de correo electrónico para o ámbito de Xustiza baseado en compoñentes de software libre.

Por suposto continuará a manterse a plataforma corporativa de desenvolvemento de aplicacións que inclúe a ferramenta Redmine para o seguimento de proxectos, Nexus como repositorio de compoñentes de software, Subversion como sistema de control de versións e o sistema de xestión de probas de software TestLink.

[Proxectos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria](#)

No eido da modernización dos sistemas de información da área de cultura, cómpre destacar o proxecto iniciado no ano 2014, e que terá continuidade durante este ano, do **plan de migración do sistema de xestión das**



bibliotecas nodais á plataforma libre Koha ILS. Este novo sistema permitirá modernizar o sistema de xestión para a catalogación e xestión dos fondos bibliográficos da Biblioteca de Galicia e Bibliotecas Nodais da Xunta de Galicia. Ademais, porase en marcha un catálogo único de fondo bibliográfico, adaptado aos estándares de catalogación (Marc21), e levarase a cabo a integración progresiva da rede de bibliotecas de Galicia neste catálogo único.

Ademais, co obxectivo de facilitar á cidadanía o acceso ás publicacións institucionais da Xunta de Galicia, porase en marcha a **librería institucional da Xunta de Galicia**, con integración de tenda virtual, desenvolvida empregando Drupal.

Durante o 2015, completárase a ordenación da presenza en Internet das áreas de Biblioteca e Lingua empregando xestores de contidos libres, **Drupal** no primeiro caso e **Liferay** no segundo.

Noeido da Educación continuarase avanzando co **Proxecto Abalar** o que suporá a instalación de novas aulas abalar, así como o mantemento das xa existentes. Lembrar que este proxecto está a desenvolverse con tecnoloxías libres. No que respecta aos servizos ofrecidos dende a Consellería aos centros educativos, como proxecto **Webs dinámicas**, destacar que está previsto levar a cabo a actualización dos contornos virtuais de aprendizaxe a versións máis avanzadas e recentes así como o desenvolvemento de novas funcionalidades (capacidade social). Así mesmo, continuarase co mantemento e evolución continua do **proxecto Agueiro**, baseado na solución libre Mahara. Este proxecto ofrecer aos centros educativos galegos unha plataforma en liña de e-portfolio como ferramenta para poder crear a súa propia comunidade educativa virtual onde poderá participar todo o profesorado e alumnado do propio centro. Finalmente desenvolveranse tamén novas funcionalidades para a rede social docente **Redeiras** baseada na solución libre ELGG.

Durante este ano, no marco da actuación de dotación de equipamento informático aos centros educativos públicos, realizarase tamén un estudo de alternativas de reutilización de equipamento TIC dos centros empregando software libre, como por exemplo co uso de distribucións lixeiras, a posible expansión do uso de puppet Abalar, etc.

No que respecta ao uso de contidos dixitais educativos, continuarase desenvolvendo, catalogando e publicando novos contidos con licenzas libres no **Repositorio de Contidos Dixitais** no Espazo Abalar.

[Proxectos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas](#)

No que respecta ao uso de solucións libres para o despregue e mantemento dos proxectos tecnolóxicos correspondentes á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, podemos destacar o uso principalmente de tecnoloxía libres, tanto nos contornos de desenvolvemento como nos de probas e integración.

Así nesta área podemos destacar o mantemento e evolución do **Sistema de información do Transporte Metropolitano de Galicia**, (SITME e SITBUS), pezas centrais do sistema de relación entre as empresas de transportes de viaxeiros, os viaxeiros, a administración autonómica e local e as entidades bancarias colaboradoras. Acometerase tamén o mantemento e evolución do **Sistema de Información Medioambiental, GAIA**, que permite a xestión de procedementos nos ámbitos da coordinación e a avaliación ambiental, e desenvolverase un novo **Sistema de Información de Residuos de Galicia** que permitirá a adaptación dos procedementos ao estándar E3L de intercomunicación dos datos de carácter ambiental con outras comunidades e coas empresas, ademais de contemplar os novos requisitos motivados pola Lei de 2011 de residuos e solos contaminados.

Finalmente, durante o ano 2015 implantarase e porase en marcha o **registro público de licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi**, que foi desenvolvido durante o ano 2014 de conformidade ao artigo 19 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. Ademais, toda a información do registro público de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi será publicada no portal de OpenData da Xunta de Galicia, Abert@s.

Para a implementación de todas estas solucións empregáronse tecnoloxías libres nas fases de desenvolvemento, integración e probas, destacando o uso do software **Pentaho** para a xestión e elaboración de todo tipo de informes e estatísticas parametrizables así como a exportación dos datos obtidos a diversos formatos, nos módulos de Business Intelligence.

[Proxectos da Consellería de Medio Rural e do Mar](#)

Durante o ano 2015 está previsto realizar a implantación do proxecto BIGAN, **sistema de axuda á toma de decisión (Business Intelligence) no sector da Gandería**. O desenvolvemento deste sistema foi iniciado o pasado ano de xeito que permitirá levar a cabo a análise da información do sector gandeiro dispoñible nos sistemas de información corporativos, co obxectivo de ser un sistema de axuda á toma de decisións directivas, en particular en cuestións relativas á sanidade animal. Este sistema emprega a arquitectura corporativa baseada en **JasperReports** e **Pentaho**.

Durante o 2015 realizarase a evolución do **sistema de xestión do Banco de Terras de Galicia (SITEGAL)** para incorporar novas funcionalidades e integracións con servizos de tramitación telemática (registro electrónico e portasinaturas, sinatura electrónica). Trátase dun sistema de información empregado tanto na xestión interna como para publicar e difundir entre a cidadanía as parcelas dispoñibles e outra información relacionada co mesmo. Neste sistema poden consultarse a través de internet o estado dos expedientes así como as fincas incorporadas ou dispoñibles. Esta solución é unha solución web Java que fai uso de ferramentas de sistemas de información xeográfica

libres como **OpenLayers, GeoExt, MapServer, PostgreSQL, PostGIS**.

Durante o ano 2015 iniciaranse os traballos para o desenvolvemento e implantación dun novo **sistema de información de concentración parcelaria** (INFOCOP) que deberá basearse na arquitectura corporativa empregando **J2EE** e o framework **Spring**, empregando para o módulo de carga de datos e transformación **Pentaho Community Edition/Talend Open Studio**.

Na área de Mar, podemos destacar que durante o ano 2015 porase en funcionamento o **sistema de Xestión de Ensinanzas Náutico Pesqueiras** que permitirá xestionar as convocatorias de cursos e o procedemento de obtención das distintas titulacións dependentes do Servizo de Ensinanzas e Titulacións Náutico-Pesqueiras, dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Medio Rural e do Mar. Este sistema desenvolverase coa arquitectura corporativa **JBOSS**.

Proxectos da Consellería de Traballo e Benestar

Entre os proxectos sectoriais da área da consellería de Traballo e Benestar durante o ano 2015 porase en produción o novo **sistema de información para a xestión do CNTG** empregando unha plataforma tecnolóxica con solucións libres, como son WebSpace/Liferay para o xestor de contidos e contedor de portlets, OpenAM como solución de SSO, o uso de Maven para o control de calidade, ou o emprego do aplicativo de xestións de transaccións Concurrent Cache Manager liberado pola AMTEGA. Os novos proxectos empregarán Glassfish 4 como servidor de aplicacións libre ao ser a implementación de referencia de Java Enterprise Edition.

Destaca o paso a produción de proxectos desenvolvidos coa tecnoloxía OpenESB 3.0 como bus de servizos empresarial empregado pola área de traballo que ten colaborando a nivel internacional nas probas da última versión desta ferramenta. En 2015 organizarase un curso de formación sobre OpenESB despois da conferencia organizada con éxito de asistencia no CNTG en marzo deste ano.

Na área de Benestar, durante este ano realizarase o deseño e posta en funcionamento dun **sistema de xestión do proceso de admisión a escolas infantís**. Este sistema permitirá por primeira vez dispoñer dunha visión integrada a través dunha ferramenta única e centralizada da oferta pública do servizos de escolas infantís de 0 a 3 anos. O sistema desenvolverase empregando a plataforma de desenvolvemento corporativa JBOSS. Así mesmo, durante o ano 2015 realizase o mantemento evolutivo da plataforma tecnolóxica asociada ao servizo 065, denominada **Sistema Galego de Apoio á Mobilidade Persoal**. A plataforma componse a nivel de aplicacións finais de dúas aplicacións: aplicación web central á que acceden os distintos perfís de usuario; xunto coa aplicación embarcada, a cal se comunica coa aplicación central a través de comunicacións móbiles. A arquitectura software da

aplicación central baséase nos seguintes elementos: servidor de aplicacións Tomcat; servidor de BDD Postgres SQL, coa extensión PostGIS e o servidor de mapas Geoserver; aplicación java sobre JDK6 para conexión cos sistemas embarcados. A nivel de equipamento embarcado en cada vehículo está composta por unha Tablet android.

Proxectos da Consellería de Facenda

Dende o CIXTEC continuará primándose o desenvolvemento de portais e servizos empregando linguaxes e ferramentas propias do ámbito do software libre, agás onde os requirimentos técnicos esixen o emprego doutras plataforma tecnolóxicas.

Así por exemplo durante o ano 2015 acometeranse as actualizacións do **Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia** (SEF) para a súa adaptación ás especificacións do proxecto ARPAD e a análise, deseño, desenvolvemento e implantación dun **sistema de información corporativo de xestión de fondos europeos da Comunidade Autónoma de Galicia**. Estes sistemas desenvólvense baixo a arquitectura tecnolóxica JEE corporativa do CIXTEC, que emprega ferramentas libres como a plataforma Eclipse JEE para o desenvolvemento; Junit, Mockito, Selenium e Apache Jmeter para as probas e validación ou Apache Maven.

Está previsto tamén realizar durante o 2015 a evolución e desenvolvemento de novas funcionalidades no **sistema de xestión de servizos, Bitácora**, que permitan a ampliación dos servizos xestionados e a integración doutros departamentos e procesos da Consellería de Facenda. A arquitectura desta plataforma emprega tecnoloxías libres para os distintos módulos que a compoñen, como as ferramentas **GLPI** (Gestionnaire Libre de Pare Infomriatique, Xestión Libre de Equipamento Informático) para o módulo de xestión de servizos, **OCS Inventory NG** (Open Computers and Software Inventory Next Generation) que permite o descubrimento automático da configuración de equipos e software e se integra co sistema de xestión de activos e **Asterisk** que integra funcionalidades de voz co sistema de xestión de servizos.

Proxectos da Consellería de Economía e Industria

En canto ao uso de solucións libres nos proxectos da área de Economía e Industria podemos destacar a modernización da presenza en Internet desta área coa **actualización dos espazos web vinculados** á mesma para o que se empregarán principalmente as solucións libres Drupal ou Liferay.

Proxectos da Consellería de Sanidade

Durante o ano 2015 o SERGAS **continuará a fase de migración do software de ofimática** comezada a finais de 2014.

Por outra parte, todos os proxectos enmarcados no programa H2050/Innova Saúde iniciados en 2014 fomentan o uso de tecnoloxías de Software Libre. Durante 2015 está prevista a súa posta en funcionamento en contornos demostradores. En particular os produtos de software libre de base que se están instalando para estes proxectos son: Tomcat, Mysql, Postgres, MongoDB, Cassandra, Hadoop, Mirth, Pentaho e Drools.

Finalmente, continuarase promovendo o desenvolvemento de novos servizos baseados no uso de ferramentas libres para todo o ciclo de desenvolvemento: Subversion, OpenSTA, Testlink, Redmine así como a recomendación de uso de librerías e frameworks libres para o desenvolvemento de aplicacións: Struts, Spring, Hibernate, etc

Software Libre no Ámbito Empresarial

Plan de acción software libre 2015

Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

CAPÍTULO 3.- SOFTWARE LIBRE NO ÁMBITO EMPRESARIAL

O Centro Demostrador TIC (CDTIC) é o instrumento operativo enmarcado na liña estratéxica ecomIC-T "Empresa dixital e innovadora" da Axenda Dixital e como tal, as súas actuacións teñen por obxectivo que as empresas poidan mellorar a súa eficacia a través do emprego das TIC, ademais de para visibilizar a oferta tecnolóxica e a capacidade técnica das empresas TIC galegas.

Dentro deste marco xeral de fomento das TIC no sector empresarial, un ano máis a Amtega manterá a súa aposta pola formación e difusión das posibilidades que achega o software libre ao sector empresarial, co obxectivo de contribuír á potenciación e incremento do uso das tecnoloxías libres.

Manterase pois a liña de traballo levada a cabo durante os anos anteriores reforzando aínda máis a colaboración co Centro Demostrador TIC como referente na dinamización das TIC no tecido empresarial, con actividades formativas en Software e Hardware Libre a través do Centro Demostrador TIC, da rede CeMIT e contarase co apoio dos diferentes axentes do Software Libre de Galicia.

1.- Fomento da presenza do Software Libre nas actividades do Centro Demostrador TIC

O obxectivo fundamental do Centro Demostrador TIC é orientar ás empresas para un aproveitamento das posibles solucións TIC para que melloren os seus procesos produtivos e aumenten a súa competitividade no mercado, sendo cada vez máis innovadoras.

Así, dende a Oficina de Coordinación de Software Libre seguirase apoiando no desenvolvemento de accións no Centro Demostrador TIC, enfocadas principalmente ao ámbito da formación para empresas, demostración de solucións e asesoramento a empresas en ferramentas de Software Libre.

Ademais, as empresas poderán recibir o asesoramento en materia de Software Libre e liberación ofrecido pola Oficina de Coordinación de Software Libre. As pemes que trasladen as súas demandas tecnolóxicas ao Centro Demostrador TIC, recibirán a través deste servizo o asesoramento para atopar, dun xeito rápido e sinxelo, provedores, produtos ou servizos de Software Libre que se axusten ás súas necesidades particulares.

Xornada "Cara modelos de negocio baseados en solucións TIC de Software Libre"

AGASOL colaborará coa Amtega na organización da xornada "Cara modelos de negocio baseados en solucións TIC de software libre" co obxectivo de

presentar como afecta o software libre aos sectores industriais desde unha perspectiva de modelos de negocio e dirección de empresas. O obxectivo é profundar e estudar os diferentes aspectos das tecnoloxías libres desde diferentes perspectivas, os modelos de negocio que as sustentan, a lexislación actual que permite a súa explotación de maneira regulada, a visión desde a dirección das empresas e da importancia que ten o agrupamento do tecido empresarial.

Contarase con expertos nacionais, estatais e se é posible internacionais, con diferentes perfís e experiencias de forma que conxuntamente poidan dar unha visión completa dos obxectivos anteriormente indicados.

2.- Servizo de asesoramento a empresas TIC galegas para a liberación de software

Continuarase ofrecendo un servizo de apoio e asesoramento en materia de licenciamento e publicación de Software Libre ás empresas do sector TIC de Galicia para incrementar o número de proxectos desenvolvidos en aberto por empresas galegas.

Achegarase asesoramento de cara á liberación do Software desenvolvido por empresas galegas sobre os procesos de revisión técnica do código, na elección da licenza para o produto da empresa, sobre a forma recomendada de empaquetamento do produto software para que poida ser empregado en distintas distribucións e directamente utilizables polos usuarios, así como nos procesos de creación de comunidade.

Achegarase unha nova edición por parte da Oficina de Software Libre das xornadas formativas sobre xestión de proxectos de software libre, publicación e liberación de software para as empresas TIC a través do Centro Demostrador TIC.

3.- Centro Demostrador TIC virtual de solucións Libres

Co obxectivo de incrementar o coñecemento das empresas galegas sobre a calidade das solucións empresariais libres e eliminarlles a barreira do descoñecemento así como minimizarlles a inversión que teñan que facer para avaliar se ditas ferramentas poden serlles de utilidade, durante o ano 2014 púxose en marcha o **Centro Demostrador TIC virtual** cunha boa acollida.

Durante o 2015 darase continuidade a este servizo do CDTIC Virtual, poñendo a disposición das empresas galegas novas solucións empresariais libres para que poidan probalas e coñecer o seu funcionamento. Así está previsto realizar o despregue de **CiviCRM**, unha solución de xestión para o terceiro sector e **Odo** (antigo OpenERP) para a xestión integral de empresas.

Igualmente establecerase un novo servizo para que as empresas TIC poidan ubicar no CDTIC Virtual unha solución ou produto, como xeito de mostrar as

súas potencialidades e como vía máis tanxible de amosar ditas solucións.

4.- Difusión tecnolóxica en Software Libre para pemes

Durante o ano 2015, dende a Oficina de Coordinación de Software Libre prestarase unha especial atención para potenciar a difusión do Software Libre e da súas vantaxes, dirixida principalmente ao sector empresarial galego, pero tamén á cidadanía en xeral.

A través do portal mancomun.org continuarase a publicar novos artigos de difusión tecnolóxica, estudos comparativos ou casos de éxito, centrándose en dar a coñecer as vantaxes do uso de solucións TIC libres, as novidades do sector, as boas prácticas no uso de solucións libres, comparativas entre solucións alternativas, etc

A Oficina de Coordinación de Software Libre terá en conta os produtos e servizos ofertados polas empresas galegas para centrar esta difusión principalmente nestas solucións.

Ademais, durante o 2015 complementarase o servizo do CDTIC Virtual coa elaboración de material multimedia demostrativo que permita coñecer ás empresas as posibilidades das ferramentas de Software Libre mostradas no CDTIC Virtual.

5.- Formación a profesionais TIC en materia de Software Libre

[Fomento de actividades de Formación en Software Libre no CDTIC](#)

Entre os obxectivos que o CDTIC terá para o ano 2015, destacamos o apoio a sectores estratéxicos e a unha temática transversal: Mar, Turismo e mobilidade, así como a difusión de tendencias tecnolóxicas relevantes como a mobilidade, o cloud computing e o software libre.

Neste marco, nos programas para o fomento da innovación tecnolóxica no sector marítimo e no sector do turismo, e no programa de impulso da oferta e a demanda de tecnoloxías centradas en mobilidade, prestarase especial atención á detección e demostración daquelas solucións libres existentes para ditas áreas.

Por outra parte, dentro dos servizos de apoio e capacitación tecnolóxica a empresas e autónomos e empresas TIC, incluírse formación específica en Software Libre, tanto con obradoiros prácticos dirixidos a profesionais de empresas do sector tecnolóxico como con seminarios demostradores dirixidos a empresas do resto de sectores.

Ademais incorporaranse novas actividades formativas sobre as ferramentas de software libre que están dispoñibles para probas no Centro Demostrador TIC Virtual para incrementar así o coñecemento das mesmas.

Ademais todos os materias formativos e divulgativos elaborados para estas actividades serán publicados en formatos abertos e con licenza libre no Repositorio Documental de Software Libre.

[Formación en materia de Software Libre a través do CNTG](#)

O CNTG mantén un ano máis a súa oferta de cursos relacionados con tecnoloxías libres dentro da súa oferta formativa especializada orientada ao mundo laboral, principalmente aos profesionais do sector TIC galego.

Dado que o programa formativo do CNTG apróbase en base a cursos académicos, polo momento coñécese soamente a formación que se impartirá durante o primeiro semestre do ano 2015, aprobándose no terceiro trimestre do ano, que corresponde con período non lectivo, a programación do seguinte curso.

Así durante os 6 primeiros meses do 2015 ofértase a impartición dun total de 14 cursos cun total de 864 horas de formación sobre tecnoloxías libres, relacionadas con tecnoloxías actuais e con alta demanda, como desenvolvemento para móbiles, desenvolvemento web, administración de sistemas GNU/Linux, ou big data.

- Desenvolvemento de aplicacións para dispositivos móbiles con Java e Android
- Desenvolvemento de aplicacións móbiles con PhoneGap
- Desenvolvemento de aplicacións HTML5 para móbiles
- Programación con JavaScriptMVC
- Desenvolvemento de aplicacións web con PHP e MySQL sobre Apache
- Desenvolvemento de servizos web con tecnoloxía Java, J2EE & JPA
- Administración avanzada de sistemas operativos Linux (LPI2)
- Sistemas de control de versións con GIT
- Seguridade baseada en software libre. Configuración de servizos e sistemas
- Big Data. Análise de datos e HBase con Cloudera
- Big Data Real Time
- Big Data Hadoop

6.- Estudo da evolución do uso do Software Libre en Galicia

Finalmente, un aspecto importante a ter en conta, é a capacidade de detectar novas necesidades ou posibles carencias no sector e elaborar propostas de medidas correctoras para incrementar a presenza do Software Libre no sector

empresarial.

Así, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) elaborará no 2015 novas edicións dos estudos de evolución do uso de Software Libre nas empresas de Galicia, para o que contará como sempre coa colaboración da Oficina de Coordinación de Software Libre. Este estudo servirá ademais, en certa medida, de control da efectividade das actuacións que se desenvolven ao longo do ano para a difusión do software libre no sector empresarial.

Software Libre para a Cidadanía

Plan de acción software libre 2015

Axencia para a Modernización Tecnolóxica
de Galicia (Amtega)

CAPÍTULO 4.- SOFTWARE LIBRE PARA A CIDADANÍA

En 2015 a Xunta de Galicia continuará a contar coa colaboración das Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre, do CIXUG das Universidades Galegas e dos Colexios Profesionais para a organización de actividades de promoción de Software e Hardware Libre para diferentes colectivos da cidadanía. Estas actuacións dos axentes do Software Libre complementarán a oferta de cursos de alfabetización dixital e sobre tecnoloxías libres impartidos na Rede CeMIT.

Todas estas actuacións teñen por obxectivo consolidar unha comunidade galega tecnoloxicamente competente que poida acceder en condicións igualitarias aos contidos e servizos dixitais da Sociedade da Información e do Coñecemento.

1.- Difusión e potenciación dos servizos do portal mancomún

O **portal mancomún** manterase no 2015 como punto de referencia sobre a actualidade da comunidade de Software Libre en Galicia. Ademais continuará sendo o nexa de integración dos distintos servizos en materia de software libre ofertados pola Amtega, como son o Repositorio Documental e o Repositorio de Software Libre, ambos a disposición de toda a cidadanía.

Continuará pois publicándose regularmente no portal novas de software libre de interese, tanto da comunidade local como internacional, casos de éxito de uso de software libre a nivel empresarial, administración pública, etc

[Promoción do Repositorio Documental de Software Libre](#)

En 2015 continuarase dotando de novos contidos formativos sobre materias relacionadas con tecnoloxías libres ao **Repositorio documental de Software Libre** do portal Mancomún.

Ademais de publicar neste Repositorio o material obtido a través do **Servizo de publicación de materiais formativos con licenza libre**, publicarase tamén calquera material formativo elaborado polos distintos axentes galegos a través dos Convenios de Colaboración, así como calquera material sobre software libre en lingua galega, achegado pola cidadanía, sempre que estea dispoñible en formatos abertos, conte cunha licenza libre e poida ser de utilidade e susceptible de reutilización.

Seguirase prestando especial atención aos materiais formativos en formato SCORM para facilitar a reutilización de inversións previas para a formación da cidadanía a través da Rede CeMIT, do persoal docente a través de Abalar, etc.

Promoción do Repositorio de Software Libre de Galicia

O Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia, coñecido como a **A Forxa de mancomún**, ademais de albergar o software liberado pola administración pública, é un servizo que se ofrece tamén ás empresas e particulares da nosa comunidade, interesados en publicar os seus desenvolvementos con licenza libre.

Para facilitar e promover o uso dos servizos asociados ao **Repositorio de Software Libre de Galicia**, a Oficina de Coordinación de Software Libre facilitará apoio á cidadanía e ás empresas do sector TIC galego para que poidan facer uso dos mesmos.

Así mesmo esta plataforma continuará a ser a escollida para a participación no premio ao mellor traballo fin de grao con licenza libre.

2.- Fomento das TIC e do Software Libre no sistema educativo non universitario

Un dos eixos importantes de actuación para a consecución do obxectivo de acadar unha sociedade competente dixitalmente, é a formación dos nosos xoves, xa que os estudantes de hoxe serán os futuros profesionais e prescritores tecnolóxicos do mañá, constituíndo un dos piares nos que se asentará a Sociedade do futuro.

Así a Amtega mantén a súa aposta pola transformación da educación a través da incorporación das TIC á escola, a través do **proxecto Abalar**. Este proxecto ten dado xa en Galicia importantes pasos, chegando no curso académico 2014/2015 a 531 centros cun alcance superior a 50.000 alumnos. Esta integración das TIC no proceso educativo vense realizando a través do emprego de ferramentas libres, e continuará nesa mesma liña.

Por outra parte, destacar que o Colexio Profesional de Enxeñeiros Técnicos en Informática de Galicia organizará en colaboración coa Amtega o **Scratch Day**, unha xornada con diferentes actividades en torno a esta ferramenta informática, Scratch, que permite aos usuarios programar historias interactivas, xogos e animacións, e compartilas en liña con outros membros da comunidade.

Ademais, como ven sendo habitual nestes últimos anos, a asociación GHANDALF realizará diferentes **xornadas formativas en centros de ensinanza secundaria**, dirixidas a estudantes de primaria, secundaria e ciclos formativos nos que dará a coñecer as vantaxes do software libre e de diferentes tecnoloxías.

3.- Formación e difusión en Software Libre no ámbito universitario

Na formación en tecnoloxías libres nas etapas de formación superior



manterase a colaboración principalmente co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas de Xestión Universitaria de Galicia (CIXUG) e coas AGUSL para o desenvolvemento de actuacións de difusión e formación en material de Software Libre no ámbito universitario. Así un ano máis organizaranse xornadas divulgativas, cursos e obradoiros en torno ao software libre.

[Premio ao mellor Traballo de Fin de Grao con Licenza Libre](#)

A Amtega convocará un ano máis a VIII edición do **Premio ao Mellor Traballo de Fin de Grao con licenza Libre** contando coa colaboración da Oficina de Software Libre do CIXUG, quen asumirá a coordinación e loxística do premio, na liña de colaboración iniciada no ano 2014.

Este premio, mantén como obxectivo fomentar e achegar o software libre aos universitarios galegos. Pretende servir de aliciente para a elaboración de proxectos, non só empregando tecnoloxías libres senón seguindo as dinámicas e formas de traballo dos proxectos con licenza libre.

Igual que se vén facendo nos últimos anos, incrementarase a difusión entre o profesorado titor do TFG e reforzarase a formación ao alumnado a través da materia de Traballo Fin de Grao sobre como levar a cabo un proxecto con Software Libre e como publicalo con licenza libre.

A asociación GPUL manterá un ano máis o seu apoio a esta iniciativa, achegando a dotación económica para o segundo galardado do premio.

[Formación en Software Libre ao persoal de soporte informático das universidades](#)

Como complemento ás iniciativas desenvolvidas en anos anteriores, a OSL Universitaria, adicará durante o 2015 un importante esforzo á realización de actividades de formación dirixidas principalmente ao persoal de soporte informático das 3 universidades galegas.

Dispoñer de persoal técnico formado no uso de ferramentas libres, sexan sistemas operativos, aplicacións ofimáticas de escritorio, ou ferramentas máis complexas, é algo imprescindible para o éxito de calquera iniciativa de migración cara o software libre no ámbito universitario.

Esta formación complementará ao servizo de **asesoramento e asistencia en Software Libre** que a OSL vén ofrecendo nos últimos anos aos responsables das áreas TIC e aos técnicos das aulas onde se leven a cabo implantacións de Software Libre.

[Formación e difusión do Software Libre](#)

A OSL Universitaria organizará durante o presente ano xornadas e cursos de formación en software libre para a comunidade universitaria en función da

demanda e necesidades detectadas, sempre en colaboración cos distintos departamentos responsables da formación ao persoal docente e investigador, ao persoal de administración e servizos, e en xeral da comunidade universitaria.

Finalmente realizarase o **mantemento e evolución do Mirror FTP do CIXUG**. Manterase e incorporaranse novas conexións do mirror de distribución de Software Libre que se atopa en ftp.cixug.es, principalmente aqueles de interese da comunidade universitaria. Ademais realizarase a incorporación de aplicacións especializadas de Software Libre, principalmente aquelas das áreas técnicas procedendo ao peche dos servizos FTP independentes das 3 universidades.

Manteranse tamén outros servizos da OSL como o seu portal web, a través do que achegan novas de interese no ámbito do software libre para a comunidade universitaria, así como información sobre todas as actividades organizadas pola OSL.

Pola súa parte, A Asociación GPUL, de ámbito universitario, organizará un ano máis as súas xa coñecidas **Xornadas de introdución para alumnos noveis** e unha nova edición das xornadas temáticas periódicas sobre software, hardware e cultura libre baixo a denominación de **Xoves Libres**. Destacar tamén que esta asociación vai organizar a **Akademy 2015 e Akaedmy-Es 2015**, os encontros internacional e nacional, respectivamente, de desenvolvedores do contorno de escritorio KDE.

4.- Software Libre no Plan de Inclusión Dixital de Galicia

En 2015 terá lugar a aprobación do **Plan de Inclusión Dixital de Galicia**, que se constitúe como o principal instrumento que posibilite camiñar cara unha sociedade galega plenamente dixital e integrada na Sociedade da Información. Este plan integra servizos, proxectos e iniciativas que se viñan desenvolvendo en anos anteriores no ámbito da inclusión dixital xunto con novas actuacións, agrupados en tres grandes eixos orientados a cubrir as distintas etapas da madurez dixital, así como un eixo transversal para dar soporte e apoio estrutural ao plan.

Os 3 eixos de actuación deste plan son Alfabetización Dixital, Capacitación Dixital Avanzada e Innovación Social Dixital e Participativa, manténdose a preferencia polo software libre no desenvolvemento das distintas actividades, como xa viña facéndose en anos anteriores nas actuacións da Rede CeMIT ou no programa de Voluntariado Dixital.

O programa formativo da rede CeMIT recolle actuacións relativas aos dous primeiros eixos de actuación, a **Alfabetización dixital** e a **Capacitación Dixital Avanzada**. A Amtega evolucionará dito programa formativo reforzando e desenvolvendo novos contidos e recursos formativos destinados á alfabetización dixital da cidadanía sen coñecementos ou con coñecementos

básicos no eido das TIC e reforzando o desenvolvemento de contidos formativos en temas máis avanzados e concretos, tales como compras online, banca electrónica, administración electrónica, redes sociais ou a xeración de contidos dixitais. Está previsto impartir un total de 35.000 horas de formación que se apoiarán no uso das ferramentas de Software Libre dispoñibles na rede CeMIT. Ademais impulsaranse a xeración de novos contidos online para a plataforma de formación online da Amtega (EMA). Estes recursos formativos elaborados para esta plataforma, tanto de alfabetización dixital como de capacitación avanzada, serán publicados en formatos estándar abertos e con licenza libre no **Repositorio Documental de Software Libre** para facilitar a súa reutilización pola cidadanía.

No eixo da **Capacitación Dixital Avanzada**, podemos destacar tamén a actuación relativa á **Certificación da Competencia Dixital en Ofimática (CODIX)**, onde está previsto convocar 900 prazas para a obtención da certificación por parte da cidadanía. Esta certificación será baseada no uso de ferramentas libres (Gnu/Linux e Libreoffice) e a cidadanía poderá optar por formación presencial nas aulas da rede CeMIT, por teleformación titorizada na plataforma de teleformación (EMA) ou pola autoformación. Os materias formativos para a preparación da Certificación da Competencia Dixital en Ofimática publícanse tamén con licenza libre e en formatos abertos.

Dende a Oficina de Coordinación de Software Libre manterase a colaboración co programa de Voluntariado Dixital achegando asesoramento sobre tecnoloxías libres que poidan servir para as actividades a desenvolver no mesmo. Ademais realizarase tamén unha labor de achegamento ás Asociacións de Usuarios de Software Libre, que levan anos traballando no eido da alfabetización dixital con Software Libre procurando posibles sinerxías con este proxecto.

Tralo éxito acadado nas dúas edicións anteriores, a asociación Melisa, desenvolverá unha nova edición da iniciativa **Tecnoloxía e Software Libre nos centros penitenciarios** a través da que achegarán formación sobre o uso de ferramentas ofimáticas libres ou sobre a instalación de GNU/Linux a reclusos dos cárceres e dos Centros de Inserción Social galegos.

5.- Actividades de difusión e formación en Software Libre para a cidadanía

No ámbito da difusión e formación en materia de software, hardware e cultura libres novamente contarase coa colaboración das Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre. Estas organizarán xornadas, obradoiros ou hacklabs divulgativos sobre Software Libre, formatos abertos, sistemas de información xeográfica libre, hardware libre ou software científico.

Así por exemplo, GALPon organizará o **III ciclo de obradoiros Sábados Libres na Altamar**, o último sábado de cada mes.

Pola súa parte Gandalf inclúe un ano máis no seu plan de actuación, actividades que amosaron ter unha excelente acollida de público e despertar moito interese, centradas nas temáticas do hardware libre e dos sistemas de información xeográfica libres. Así ten previsto organizar a cuarta edición da **OSHWDem** (Open Source Hardware Demonstration) e colaborar na organización de varias xornadas arredor dos SIX libres, tanto baixo o formato Geocamp como baixo outros formatos máis clásicos.

A asociación Melisa organizará unha nova **Xornada de Usuarios de R** en Galicia.

Finalmente, no que se refire á difusión e desenvolvemento de proxectos galegos de software libre, destacar, por parte da **asociación GALPon**, a difusión da distribución GNU/Linux lixeira **GALPon MiniNo** e as súas derivadas co obxectivo de promover ademais da utilización do software libre, as vantaxes da reutilización e maior aproveitamento de hardware con pouco recursos. Por outra parte, destacar este ano a divulgación do software libre no eido da pesca de baixura que levará a cabo a **asociación xeoPesca**, que asina por primeira vez este ano o convenio de colaboración coa Amtega.

Así xeoPesca ten previsto realizar, durante o ano 2015, material divulgativo para a difusión dos valores de software libre e da ferramenta xeoPesca entre o sector da pesca de baixura galega. Por outra parte impartirá **obradoiros de presentación e uso da aplicación xeoPesca**, en colaboración cos axentes pesqueiros como fundacións, asociacións e centros formadores da pesca. Continuará co desenvolvemento e mantemento do proxecto. Entre as novas funcionalidades destacan os ensaios de **integración con xeoPesca de hardware libre** (arduinos) coa tecnoloxía Xbee, módulos de comunicación que funcionan na banda de 2.4Ghz co protocolo chamado ZigBee. Unha vez realizados os ensaios de integración realizarán así mesmo un obradoiro de presentación do traballo e resultados obtidos. Por último realizarán tamén unha ou dúas **mapping parties**, co obxectivo de dar a coñecer as vantaxes do opendata e do proxecto openstreetmap, facendo especial fincapé en publicar datos relacionados coa pesca como son: illas, portos pesqueiros, bateas, polígonos bateiros, caladoiros, ríos, coutos de pesca, encoros, muíños, etc.

6.- Apoio á tradución de Software Libre ao galego

Un ano máis, a AMTEGA continuará achegando recursos á comunidade de tradución de Software Libre ao galego para facilitarlles a labor que realizan de forma totalmente voluntaria e altruísta a prol da **normalización do uso da lingua galega nas TIC**.

Así, a **Asociación Cultural Proxecto Trasnó**, ten previsto celebrar dúas novas edicións das súas habituais xornadas de debater terminolóxico, **Trasnada 15.0** e **Trasnada 15.1** que serven como punto de encontro dos tradutores co fin de traballar a prol de novos acordos terminolóxicos que redunden nunha mellora da calidade das traducións así como na contribución á nosa lingua asentando

nova terminoloxía. Ademais estas xornadas teñen tamén unha parte divulgativa a través da que tratan de achegar o seu traballo a xente interesada de forma que poidan incrementar o volume de voluntarios. Este ano, a Asociación Cultural Proxecto Trasno ten previsto tamén levar a cabo a publicación do Manual de introdución ao Writer, en lingua galega.

Pola súa parte, a **OSL Universitaria** continuará realizando labores de localización ao galego de proxectos libres de interese no ámbito universitario

Finalmente, a Amtega continuará tamén a ofrecer, a través da Oficina de Coordinación de Software Libre, a súa colaboración á Secretaría Xeral de Política Lingüística para fomentar a presenza da lingua galega nas TIC e particularmente no Software Libre así como para promover a publicación de materiais lingüísticos xerados con financiamento público con licenzas libres.

7.- Difusión e Fomento do Software Libre para o terceiro sector

Durante o 2015 prestarase especial atención ás accións de fomento e difusión do software libre para o terceiro sector co obxectivo de contribuír á difusión e potenciación do Software Libre en Galicia dirixidos a entidades asociativas que poden sacar proveito das vantaxes do Software Libre no ámbito da economía social.

A permeabilidade do terceiro sector coa cidadanía axudará a achegar ao Software Libre a diferentes colectivos sociais.

Procurarase identificar casos de éxito e difundir as actuacións desenvolvidas neste ámbito xa que se teñen identificado importantes afinidades coa comunidade de Software Libre.

Así algunhas das actividades que se desenvolverán neste eido son:

- Organizar formación específica para entornos asociativos sobre software libre para diferentes colectivos asociativos a través da rede CeMIT.
- Identificar e difundir solucións de software libre de interese para as entidades do ámbito da economía social así como do tecido asociativo.
- Difundir as características da cultura libre e a reutilización no ámbito asociativo procurando crear sinerxías cos axentes galegos da comunidade de software libre.
- Achegar o servizo de asesoramento en solucións libres, que xa está dispoñible para as empresas, ás entidades asociativas sen ánimo de lucro.

Destacar que a **asociación GPUL** vén mantendo unha liña de traballo no eido da **colaboración e cooperación social**, dende o ano 2009. Así ten subscrito un convenio de colaboración con **Enxeñería Sen Fronteiras** a través do que lle achega asesoramento en tecnoloxías libres, e colaboran tamén dende o ano

2013 coa **Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento.**

8.- Participación en eventos nacionais ou internacionais de Software Libre.

Co obxectivo de aprender e contactar con outras comunidades nacionais e internacionais de Software Libre, algunhas das AGUSL consideran de especial interese a asistencia a congresos e conferencias nacionais e internacionais de Software Libre de recoñecido prestixio tanto a través da participación con relatorios se son aceptados, como a través da participación como público. GPUL ten previsto asistir a diversas conferencias durante o ano 2015.

Accións en colaboración con Axentes

Plan de acción software libre 2015

Axencia para a Modernización Tecnolóxica
de Galicia (Amtega)

CAPÍTULO 5.- ACCIÓNS EN COLABORACIÓN CON AXENTES SOFTWARE LIBRE

Un ano máis a Amtega asina diversos convenios de colaboración cos axentes que compoñen o **ecosistema galego do Software Libre**, co fin de promover a realización de actuacións para o fomento e difusión do software libre na nosa comunidade.

A AMTEGA fornece a estes axentes recursos para que poidan desenvolver as súas actividades co grao de profesionalidade e calidade que se precisa, respectando por suposto a súa independencia pero promovendo ao mesmo tempo unha coordinación transversal para todas as actividades que evite duplicidades, incremente as sinerxias, e maximice en consecuencia o alcance das actuacións e consecución de obxectivos.

Estas actividades intégranse, como non podía ser doutro xeito, nas distintas liñas de actuación do presente Plan de Acción polo que xa se foron describindo nos apartados correspondentes.

Preséntanse a continuación o resume das principais accións que desenvolverá durante o ano 2015 cada un dos axentes colaboradores.

1.- Convenio de colaboración con AGASOL

A Xunta de Galicia asina un novo Convenio de colaboración coa Asociación de Empresas Galegas de Software Libre, AGASOL, co obxecto de levar a cabo actuacións de formación, capacitación e promoción do software libre e o uso de estándares abertos en Galicia, para o fomento da Sociedade da Información.

A través deste convenio de colaboración AGASOL achegará a súa experiencia de máis de 10 anos en procesos de migración en todo tipo de organismos, institucións, empresas, colexios, cooperativas, etc. Esta experiencia permitiralles apoiar á Amtega no proceso de migración á ofimática libre no posto do empregado público, así como na titorización da formación para a obtención do CODIX na rede Cemit. Finalmente realizará labores de difusión sobre como afecta o software libre aos sectores industriais desde unha perspectiva de modelos de negocio e dirección de empresas co obxectivo de visibilizar as vantaxes do software libre no sector empresarial.

2.- Convenio de colaboración co Colexio Profesional de Enxeñeiros en Informática de Galicia (CPEIG)

A Xunta de Galicia asinou un Convenio de colaboración co CPEIG para a posta en marcha dunha serie de actividades para o fomento da sociedade da información, que na medida do posible fomentarán o uso de software libre.

Así o CPEIG desenvolverá este ano actividades formativas dirixidas aos

docentes, as cales, dentro da estratexia tecnolóxica do ámbito educativo marcada no Proxecto Abalar, incidirán no uso de ferramentas de software libre e celebraranse preferentemente nas aulas da Rede CeMIT.

3.- Convenio de colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG)

A Xunta de Galicia asinou un Convenio de colaboración co CPETIG para a posta en marcha dunha serie de actividades para o fomento da sociedade da información, entre as que se promoverá o uso do Software Libre naquelas nas que sexa posible.

Concretamente o CEPTIG organizará unha xornada formativa con diferentes actividades en torno á ferramenta informática Scratch, distribuída con licenza libre, que permite aos usuarios programar historias interactivas, xogos e animacións, e compartilas en liña con outros membros da comunidade.

4.- Convenio de colaboración co Consorcio de para o desenvolvemento de aplicacións informáticas de xestión universitaria de Galicia (CIXUG)

A Xunta de Galicia continúa a impulsar a promoción e fomento do uso de Software Libre no ámbito universitario mediante a sinatura dun convenio de colaboración co Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións Informáticas de Xestión Universitaria de Galicia.

As actividades desenvolveranse de forma coordinada cun **ámbito de aplicación das tres universidades Galegas** na procura da reutilización conxunta do investimento realizado.

As principais actuacións desta oficina durante o 2015 centraranse en ofrecer formación específica en Software Libre para os membros da comunidade universitaria, ben a través de xornadas divulgativas, cursos ou obradoiros abertos ao público en xeral ou ben formación específica para o persoal de soporte técnico das universidades. Ademais manterán os servizos web que viñan ofrecendo á comunidade universitaria así como a súa colaboración coa tradución de software libre ao galego. Finalmente destacar un ano máis a colaboración na organización da VIII edición do Premio ao Mellor Traballo de Fin de Grao con licenza Libre.

5.- Convenio de colaboración coas AGUSL

A Xunta de Galicia asinou un ano máis o Convenio de colaboración coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre co obxecto de apoiar a labor social e voluntaria que estas asociacións veñen desempeñando a prol do fomento, desenvolvemento e implantación do Software Libre en Galicia.

No marco deste convenio, as AGUSL colaborarán coa Amtega na celebración de

xornadas de divulgación, obradoiros e cursos de formación sobre Software Libre dirixidos á cidadanía; na elaboración de documentación sobre Software Libre en galego de forma que se facilite a formación sobre tecnoloxías libres na nosa lingua; no fomento e difusión da localización de Software Libre ao galego contribuindo así á normalización da nosa lingua nas tic; na visibilización de Galicia nas comunidades de software libre a través da participación e organización de conferencias de carácter nacional ou internacional ou coa difusión de proxectos de interese social desenvolvidos na nosa comunidade; e finalmente no fomento do Software Libre en proxectos de cooperación ou solidariedade social.

Resumo económico

Plan de acción software libre 2015

Axencia para a Modernización Tecnolóxica
de Galicia (Amtega)

CAPÍTULO 6.- TÁBOA DE RESUMO ECONÓMICO

A continuación expone nunha táboa resumo o detalle económico no que se fundamenta o presente Plan de Acción.

Iniciativa	Articulación	Orzamento
Execución e seguimento do Plan de Acción	• Oficina de Coordinación Software Libre	591.411,52 €
	• Formación sobre Software Libre promovida pola Xunta de Galicia	
	• Mantemento e evolución da estrutura asociada ao fomento do Software Libre	
Promoción do Software Libre no ámbito Universitario	Convenio co consorcio de Universidades	50.000 €
Colaboracións con Asociacións de Empresas e Colexios Profesionais	• Convenio coa Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL)	55.500 €
	• Convenio de colaboración co CPEIG	
	• Convenio de colaboración co CPETIG	
Colaboración coas Asociacións de Usuarios de Software Libre	Convenio coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre	30.000 €
Total Plan Software Libre		726.911,52 €

A maiores deste orzamento dedicado integramente ás actuacións de fomento, formación e difusión de software libre, habería que engadir os presupostos derivados das actuacións levadas a cabo para o desenvolvemento dos proxectos de infraestrutura e modernización da administración pública baseados no uso de Software Libre.



XUNTA DE GALICIA